

-Modelo 3.

1) Autos: inclúe os ramos 01, 03, 10 e 17 (este último só se vai unido á póliza de autos).

2) Transportes: inclúe os ramos 04, 05, 06, 07, 11 e 12.

3) Inclúe todo risco dano material.

4) Inclúe avaría de maquinaria.

5) Soamente as non incorporadas en autos.

-Modelo 5.**1. Investimento/Valor engadido.**

O valor engadido ao custo dos factores é a renda bruta das actividades de explotación tras axustar o efecto das subvencións de explotación e os impostos indirectos.

Este importe obtense sumando e restando os importes que figuran na contabilidade da actividade de mediación clasificados nos seguintes grupos e contas do Plan Xeral de Contabilidade (PXC).

Código/s do PXC	Concepto	Importe
70 e/ou 75	(+) Comisións	
740	(+) Subvencións oficiais á explotación recibidas das administracións públicas	
752/759	(+) Outros ingresos	
60	(-) Compras (bens consumibles, papelaría, material de oficina non inventariable,...)	
62	(-) Servizos exteriores (publicidade, colaboradores, asesoría fiscal, laboral, contable, primas de seguro, arrendamentos, subministracións de auga, gas, electricidade, teléfono, transporte, servizos bancarios, mensaxaría) polo seu importe total, IVE incluído	
631	(-) Outros tributos (IBI, IAE, ITP e AXD, taxas e outros impostos indirectos)	
	Total valor engadido ao custo dos factores	

IVE: Imposto sobre o valor engadido.

IBI: Imposto sobre bens inmobles.

IAE: Imposto sobre actividades económicas.

ITP e AXD: Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Investimento bruto en bens materiais corresponde ao investimento durante o período de referencia en bens materiais. Inclúense os bens materiais cunha vida útil de máis dun ano.

O investimento bruto en bens materiais está referido soamente a actividade de mediación; no caso de haber varias actividades que utilizan os mesmos bens materiais, incluírase soamente a parte proporcional que lle corresponda á actividade de mediación en función dos ingresos xerados por cada actividade:

$$\text{Investimento bruto de todas as actividades} \times \frac{\text{Ingresos actividade de mediación}}{\text{Ingresos de todas as actividades}}$$

2. Ingresos.

Ingresos da actividade de mediación: nesta epígrafe incluíranse as comisións e outros ingresos que proveñan da actividade de mediación. Non se inclúen as comisións percibidas pola actividade de colaborador mercantil doutro corredor ou sociedade de corredoría. Tampouco se inclúen ingresos financeiros nin subvencións.

Ingresos doutras actividades: nesta epígrafe incluíranse os ingresos doutras actividades distintas da mediación así como as comisións percibidas pola actividade de colaborador mercantil doutro corredor ou sociedade de corredoría.

Ingresos financeiros: os correspondentes á actividade de mediación e a outras actividades, se as houber.

3. Gastos.

Custos de persoal en metálico ou en especie: nesta epígrafe incluíranse os soldos e salarios e a seguridade social a cargo do empregador e calquera outra remuneración pagada ao traballador, incluíndo gastos sociais referido ao persoal adicado á actividade de mediación.

Outros gastos en bens e servizos: nesta epígrafe incluíranse os bens consumibles non inventariables polo seu importe total, IVE incluído. Non se incluírán as dotacións para amortizacións nin en gastos bancarios os gastos financeiros.

4. Conta de perdas e ganancias: actividade de corredoría de seguros.

Total ingresos: suma dos ingresos da actividade de mediación e dos ingresos financeiros relacionados coa actividade de mediación.

Total gastos: incluírá o IAE, se é o caso, pero non se terá en conta o imposto de sociedades ni o imposto sobre a renda das persoas físicas.

5. Conta de perdas e ganancias: resto de actividades.

Total ingresos: suma dos ingresos doutras actividades do cadro 2 e dos ingresos financeiros relacionados con outras actividades.

Total gastos: incluírá o IAE, se é o caso, pero non se terá en conta o imposto sobre sociedades nin o imposto sobre a renda das persoas físicas.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Corrección de erros.-Resolución do 16 de xuño de 2005, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se convocan probas de constatación da capacitación profesional para o exercicio das actividades de transportistas por estrada, axencia de transportes de mercadorías, transitario e almacenista-distribuidor.

Advertido erro na Resolución do 16 de xuño de 2005, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se convocan probas de constatación da capacitación profesional para o exercicio das actividades de transportistas por estrada, axencia de transportes de mer-

cadorías, transitario e almacenista-distribuidor, publicada no *Diario Oficial de Galicia*, do 27 de xuño de 2005, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 11.301, na base quinta, punto tres, onde di: «Os exercicios terán lugar o día 10 de setembro...»; debe dicir: «Os exercicios terán lugar o día 5 de novembro...».

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 2 de xuño de 2005 pola que se lle autoriza a ampliación de dúas unidades de educación infantil ao centro privado Galaxia, de Ribeira (A Coruña).

Examinado o expediente presentado polo centro privado Galaxia, de Ribeira (A Coruña), no cal solicita a ampliación de dúas unidades de educación infantil.

Tendo en conta que o expediente foi tramitado pola Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, que o remite cos informes correspondentes.

Vistos a Lei 1/1990, do 3 de outubro (BOE do 4 de outubro), de ordenación xeral do sistema educativo; a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (BOE do 24 de decembro); o Real decreto 1537/2003, do 5 de decembro (BOE do 10 de decembro), polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral; o Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22 de maio), sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias, e a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro) que o desenvolve.

Considerando que o devandito centro privado ten autorización definitiva para impartir educación infantil.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa,

DISPÓN:

Autorizar a ampliación de dúas unidades de educación infantil ao centro privado Galaxia, de Ribeira (A Coruña), segundo os datos que se relacionan no anexo desta orde, facendo constar que, para a súa posta en funcionamento, a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que imparta docencia nas unidades que se amplían.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario*

Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Provincia: A Coruña.

Concello: Ribeira.

Localidade: Ribeira.

Enderezo: rúa Estatuto, s/n (polígono Abesadas).

Denominación: centro privado Galaxia.

Titular: *Colegio Galaxia, S.L.*

Código do centro: 15014520.

Nivel: educación infantil.

Unidades de que constaba: 4.

Unidades novas autorizadas: 2.

Composición resultante:

a) Centro de educación infantil: 6 unidades.

b) Centro de educación primaria: 12 unidades.

c) Centro de educación secundaria:

8 unidades de educación secundaria obrigatoria.

4 unidades de bacharelato das modalidades de ciencias da natureza e da saúde e humanidades e ciencias sociais.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Corrección de erros.-Decreto 159/2005, do 2 de xuño, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias.

Advertidos erros no citado decreto, publicado no DOG nº 115, do 16 de xuño de 2005, cómpre facer as oportunas correccións:

* Na páxina 10.501, no artigo 1º, onde di: «As tarifas recollidas nos anexos III e IV serán aplicables, respectivamente, pola *Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía* e pola *Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061*.», debe dicir: «4. As tarifas recollidas nos anexos III e IV serán aplicables, respectivamente, pola *Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía* e pola *Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061*.».

* Na páxina 10.507, onde di:

NVB-5 FU	NVB-5 FU ic a	Vinorelbina e 5 fluorouracilo en infusión continua
	NVB a	Vinorelbina